

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO BASES TECNICAS E ADMINISTRATIVAS RESTAURANTES ARDE LUCUS 2011.doc

Asunto:

DECRETO NUMERO 375/2011 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DICTADO POLA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DE ÁREA.

Ilma. Sra. Dona Sonia Méndez García, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, 18 de maio de 2011

ASUNTO: PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES E POSTOS DE ELABORACION DE COMIDAS NO ARDE LUCUS 2011. APROBACIÓN DAS BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS.

Examinado o expediente e visto:

1.- Informe proposta do Servizo de Contratacion, Patrimonio e Fomento, do día 12 de maio de 2011, que na parte expositiva establece:

“ANTECEDENTES

I. Bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación convocado para a autorización de instalación de restaurantes e postos de elaboracion de comidas na festa ARDE LUCUS 2011 elaboradas pola Concellería de Xuventude do Concello de Lugo.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O Concello de Lugo, no marco da festa ARDE LUCUS 2011, desexa autorizar a instalación de varios postos en terrenos de dominio público habilitados para elo polo propio Concello durante os días 17,18 e 19 de xuño. Ó tratarse dun uso común especial pola intensidade deste que se realiza, e tal e como establece o RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), estará suxeito a licenza. O artigo 77.2 do mesmo regulamento establece que estas licenzas se outorgarán directamente, salvo se por calquera circunstancia se limitare o uso das mesmas, en cuio caso o serán por licitación e, se non fose posible, porque tódolos aautorizados reuniran as mesmas condicións, mediante sorteo. No suposto de referencia, o número de postos está limitado a 11 postos nos lugares delimitados para elo e que figuran nos planos anexos ás bases,

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº: DECRETO BASES TECNICAS E ADMINISTRATIVAS RESTAURANTES ARDE LUCUS 2011.doc

Asunto:

razón pola que se propón a aprobación dunhas bases que rexerán no procedemento de licitación que se levará a cabo.

Segunda. En canto ó órgano competente para a aprobación do procedemento de licitación para a concesión das autorizacións, o artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenzas, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano. En virtude do acordo nº 26/335 da Xunta de Goberno Local de data 11 de maio de 2011 se aprobou delegar na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego a competencia para a aprobación de tódolos actos de trámite e resolutivos relativos ó procedemento de referencia”

2.- Informe da Asesoría Xurídica do día 12 de maio de 2011, mediante o cal presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

3.- Informe da Intervención Municipal, do día 16 de maio de 2011, referencia 322/2011, relativo á fiscalización da presente fase do expediente.

Por todo o anteriormente, e no uso das atribución conferidas á Tenenta de Alcalde Delegada da área de Economía e Emprego en virtude do acordo de delegación nº 26/335 da Xunta de Goberno Local do día 11 de maio de 2011, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación para a autorización de instalación de restaurantes e postos de elaboración de comida no ARDE LUCUS 2011, do seguinte teor literal:

“BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES E POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDA NO ARDE LUCUS 2011”

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto das presentes bases é o outorgamento de autorizacións para a instalación dos postos de restaurantes e postos de elaboración de comidas durante as festas de Arde Lucus 2011, que levarán aparellada a autorización para esta instalación nos lugares habilitados para elo polo Concello.

SEGUNDA.- MODALIDADE, CANON E SITUACIÓN.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO BASES TECNICAS E ADMINISTRATIVAS RESTAURANTES ARDE LUCUS 2011.doc

Asunto:

1. As licencias outorgaranse despois da licitación, que será convocada polo órgano competente do Concello.
2. Os titulares das autorizacións para a ocupación do terreo público estarán obrigados a satisfacer, por unha banda unha taxa prevista na Ordenanza fiscal 152 “taxa por aproveitamento da vía pública” (Epígrafe E, apartado A) Postos, barracas , espectáculos ou atraccións: por m2 ou fracción de terreo ocupado por día , 0,85 euros) e por outra, un canon como contraprestación ó beneficio obtido polos adxudicatarios dos postos de restaurante, que é ademais un criterio de adxudicación da presente licitación.
- 3.- As localizacións dos restaurantes e dos postos de elaboración de comidas e a súa distribución queda determinado no plano do Proxecto de Arde Lucus.

TERCEIRA.- DURACIÓN DA OCUPACIÓN.

- 1.- Tanto a data de montaxe e desmontaxe das paradas como o tempo de funcionamento serán fixados polo Concello cada ano, tomando como base as datas de celebración do Arde Lucus 2011.
- 2.- As paradas poderán iniciar o montaxe o día 16 de xuño e comezar a actividade ó día 17 ó mediodía, manteranse en funcionamento ata o día 19 de xuño pola noite cando procederán ó desmontaxe.
- 3.- O primeiro día do Arde Lucus, cando se proceda á inauguración da festa, deberán estar montadas as paradas obxecto de adxudicación. En caso de non ser así perderán automaticamente os dereitos á ocupación dos terreos adxudicados, así como á devolución das cantidades satisfeitas na adxudicación e sen ningún tipo de indemnización.
- 4.- Os accesos ós colexios, institucións e negocios privados, así como o paso necesario para os vehiculos de emerxencia permanecerán libres de obstáculos e garantidos en todo momento.
- 5.- O adxudicatario non poderá proceder ó montaxe da parada ata que o representante do Concello non lle sinala a localización e os límites da súa parcela.

CUARTA. DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLOS INTERESADOS EN PARTICIPAR NO CONCURSO

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº: DECRETO BASES TECNICAS E ADMINISTRATIVAS RESTAURANTES ARDE
LUCUS 2011.doc

Asunto:

Os licitadores deberán presentar **no Rexistro Xeral do Concello de Lugo no prazo de 10 días naturais dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia destas bases**, a seguinte documentación:

SOBRE A: DOCUMENTACIÓN

- DNI do licitador, no caso de tratarse dun empresario individual ou a escritura de constitución si se trata dunha persoa xurídica, debidamente inscrita no correspondente rexistro.
- Poder bastantado: os que comparezan ou firmen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola Asesoría Xurídica Municipal ou funcionarios do Servizo de Contratación do Excmo. Concello habilitados ao efecto. Para elo, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de Contratación del Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ao remate do prazo de presentación da documentación, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres. Si a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil
- Presentación da alta e, no seu caso, do ultimo recibo do imposto sobre actividades económicas (IAE).
- Certificados acreditativos do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Relación de traballadores ou previsión dos necesarios para o funcionamento do restaurante.
- Bosquexo acoutado da instalación onde se concreten as dimensións e o espazo a ocupar e declaración da potencia eléctrica.
- Seguro de responsabilidade civil en vigor cunha cobertura mínima de 500.000€ para instalacións destinadas venda de alimentos e bebidas. A seguridade dos restaurantes e da súa instalación será responsabilidade dos propietarios destes, os cales dispoñerán dos certificados técnicos que o avalen.

SOBRE B: OFERTA

1.- Os interesados deberán presentar, debidamente cumprimentados o seguinte modelo:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO BASES TECNICAS E ADMINISTRATIVAS RESTAURANTES ARDE LUCUS 2011.doc

Asunto:

D/Dª....., con domicilio en.....DNI....., en plena posesión da súa capacidade xurídica de obrar, en nome propio (ou en representación de....., con DNI ou CIF) fai constar:

a) Que solicita tomar parte na licitación convocada polo Excmo. Concello de Lugo para a AUTORIZACION DE INSTALACION DE RESTAURANTES/POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS DURANTE AS FESTAS DE ARDE LUCUS 2011, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCURSO”.

b) Que opta á adxudicación da licenza municipal para a/s parcela/s número/s _____ e ofrece os seguintes prezos en concepto de canon (por orde de preferencia):

Parcela núm. _____	oferta _____	€
Parcela núm. _____	oferta _____	€

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven das presentes bases e de as bases técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

e) Lugo, data e sinatura.

2.- Bosquexo ou fotografías da parada e da súa decoración, menú, ... e calquera outro material que considere necesario para poder valorar a adaptación do posto en cuestión á época representada.

QUINTA.- PERIODO DE VIXENCIA DAS ADXUDICACIÓNS E PAGO DAS TAXAS.

1.- A licenza terá vixencia durante a festa do Arde Lucus 2011.

2.- A taxa de ocupación e o canon correspondente ás festas ingresarase na conta bancaria 2091-0152-26-3110001292 da OP Caixa Galicia, sita na Praza Maior-Lugo, con indicación do nome do adxudicatario, DNI ou NIF e indicando expresamente “adxudicación Arde Lucus-2011”, **no prazo máximo de dez días hábiles seguintes á publicación da lista definitiva de adxudicatarios no Taboleiro de Anuncios e no perfil do contratante, e como tope o día 17 de xuño.**

3.- De non aboarse as taxas no prazo establecido e o canon ofertado quedará extinguida a licenza e o Concello así o comunicará á persoa titular da mesma e

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº: DECRETO BASES TECNICAS E ADMINISTRATIVAS RESTAURANTES ARDE
LUCUS 2011.doc

Asunto:

entenderá que a parcela queda a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento regulamentario.

No caso, de que unha vez celebrado o concurso, este quedara deserto, prazas vacantes ou calquera outro suposto previsto nas seguintes bases, acudirase ó procedemento de adxudicación directa seguindo a lista elaborada pola mesa de adxudicación.

4.- Os **prezos de saída do canon** serán fixados polo Concello, sendo os deste ano os seguintes:

RESTAURANTES:

Parcela 1 (segundo plano da Pr. da Soidade): 1.064,88€

Parcela 2 (segundo plano da Pr. da Soidade): 1.064,88€

Parcela 3 (segundo plano da Pr. da Soidade): 2.227,20€

Parcela 4 (segundo plano da Pr Anxo Fernández Gómez): 2.366,40€

Parcela 5 (segundo plano da Pr Anxo Fernández Gómez): 2.366,40€

POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS:

Parcela 1A (segundo plano da Pr. da Soidade): 246,50€

Parcela 2A (segundo plano da Pr. da Soidade): 147,90€

Parcela 3A (segundo plano da Pr. da Soidade): 147,90€

Parcela 4A (segundo plano da Pr. da Soidade): 197,20€

Parcela 5A (segundo plano da Pr. da Soidade): 197,20€

Parcela 6A (segundo plano da Pr. da Soidade): 295,80€

SEXTA: CRITERIOS DE ADXUDICACION:

1.- Oferta económica (ata 60 puntos)

Obterán a máxima puntuación neste apartado (60 puntos) o licitador que oferte o canon máis alto para cada parcela. Obterán 0 puntos aqueles licitadores que non melloren o canon da licitación e o resto das ofertas valoraranse de forma proporcional.

2.- Adaptación á época na que transcorre a festa (hasta 40 puntos).

Obterán a máxima puntuación neste apartado (40 puntos) os licitadores que presenten un restaurante máis fidedigno á época romana, valorarase a decoración, os menús, os uniformes dos empregados,...

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO BASES TECNICAS E ADMINISTRATIVAS RESTAURANTES ARDE
LUCUS 2011.doc

Asunto:

No caso de producirse empate no cómputo das puntuacións primará a oferta económica.

SETIMA: PROCEDIMENTO.

O acto público de apertura das proposicións dos interesados celebrárase ó segundo día hábil posterior ó remate do prazo de presentación. Previamente a comisión avaliadora calificará a documentación administrativa contida no sobre A, podendo conceder un prazo de tres días hábiles para a subsanación de erros.

A Comisión valorará as proposicións presentadas e realizará unha proposta de adjudicación ó órgano competente do Concello elaborando unha lista de solicitudes por cada categoría de venda e dentro desta por orde de puntuación para utilizar no proceso de adjudicación directa.

A Comisión avaliadora quedará constituída polas seguintes persoas:

- A Concelleira de Xuventude.
- Unha persoa da Concellería de Xuventude.
- O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa, que actuará como secretario.

O listado de adjudicatarios provisionais propostos pola comisión avaliadora expoñeráse no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo. No prazo de 5 días hábiles dende a súa publicación os adjudicatarios deberán presentar no rexistro do Concello a constitución dunha garantía por importe do 10 por 100 do prezo de saída da parcela adjudicada.

A garantía responderá dos posibles danos ou deterioro que poidan orixinarse. Para a devolución da citada garantía será necesario o informe favorable da Concellería de Xuventude.

A garantía poderá constituírse en calquera das fórmulas sinaladas no artigo 84 da “Ley 30/2007, de contratos del sector público”, isto e:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, as condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº: DECRETO BASES TECNICAS E ADMINISTRATIVAS RESTAURANTES ARDE
LUCUS 2011.doc

Asunto:

para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. Os certificados de seguros deberán entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

Trancorrido o dito prazo comprobarase que os propostos teñen constituído a fianza e o órgano competente aprobará a **lista definitiva de adxudicatarios** e a autorización para a utilización da parcelas que lle corresponda a cada un deles xunto coa lista de reserva.

OITAVA: DEREITOS E OBRIGAS.

Dereitos.

Os adxudicatarios terán dereito ó exercicio da actividade, de acordo co establecido no presente prego.

O Concello de Lugo proporcionará puntos de auga e luz suficientes para que os adxudicatarios desenvolvan a súa actividade.

Obrigas.

- Toda actividade de tipo alimentario esixe para o seu exercicio, inexcusablemente, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.
- Os postos destinados á alimentación do tipo de churrerías, salchicherías, merendas e despacho de bebidas, deberán dispoñer de auga corrente no mostrador e desagüe á rede de alcantarillado.
- Dispoñerán de capacidade frigorífica suficiente para manter a temperaturas inferiores a 8º C a totalidade dos alimentos perecederos de consumo diario que serán así almacenados.
- A exposición de alimentos ó público sobre a barra ou mostrador, farase únicamente coa protección adecuada que podría ser unha simple vitrina para os de consumo inmediato, debendo ser unha vitrina frigorífica para os produtos perecederos de exposición estable ou prolongada.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO BASES TECNICAS E ADMINISTRATIVAS RESTAURANTES ARDE
LUCUS 2011.doc

Asunto:

- Os produtos de confitería, caramelos ou outros que se presente sen envolver, no poderán estar ó alcance do público e dispoñerán da protección ambiental adecuada.
- A vixilancia, especialmente o aseo e limpeza do persoal e o seu vestiario, así como a pulcritude e hixiene do posto de venda.
- Os adxudicatarios deberán instalar o posto de restaurante na parcela adxudicada, quedando prohibido calquer traspaso ou cesión do dereito.
- Os adxudicatarios, así como todo o persoal que preste os seus servizos nelas, deberán cumprir escrupulosamente coa normativa sanitaria vixente.
- Os adxudicatarios observarán cos usuarios do servizo a oportuna afabilidade e deferencia, dentro dun trato cordial e de respecto.
- O servizo prestarase coa continuidade convida, adaptándose en todo caso o seu horario e días de apertura ó establecido para o funcionamento.
- O adxudicatario cumprirá en todo momento as instrucións de orde xeral que lle sexan formuladas pola Administración.
- Os adxudicatarios están obrigados ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo.
- Os adxudicatarios presentarán ante a Concellería de Xuventude, para o seu selado, a lista de prezos que terá vixencia durante a festa e que deberá estar exposta nun lugar visible ó longo da mesma.
- Os adxudicatarios deberán comprometerse a que, unha vez rematada a vixencia da autorización e desmontado o posto, a parcela deberá estar nas mesmas condicións que ó inicio da actividade.

Será responsabilidade do titular de cada posto a perfecta limpeza do terreno colindante coa recollida de toda clase de residuos. O incumprimento destas obrigas por parte do adxudicatario ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado polo adxudicatario non implicará responsabilidade ningunha para a administración contratante.

O Excmo. Concello de Lugo resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas anteriormente sinaladas, tendo ademais este o deber de facilitarlle ó Concello canta información ou documentación lle solicitase calquera dos seus departamentos.

NOVENA: PROHIBICIÓNS

Ó montar e desmontar as instalacións e durante todo o período de vixencia da licenza queda totalmente prohibido:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº: DECRETO BASES TECNICAS E ADMINISTRATIVAS RESTAURANTES ARDE LUCUS 2011.doc

Asunto:

- Invadir, pisar e/ou amontoar materiais nas zonas verdes, o mesmo que ancorar nelas elementos de sustentación ou de apoio das instalacións ou dos seus accesorios.
- Acumular desperdicios no exterior dos restaurantes.
- Servir bebidas de alta graduacion alcohólica.
- Estragar, arrincar ou pisar as especies vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar pólas de árbores e arbustos existentes.
- Cravar elementos punzantes no pavimento, así como colocar carteis, tomas de auga, instalar abrazadeiras ou calquera outro elemento de sustentación ou apoio sobre o arborado existente.
- Todos os equipamentos de xardín (puntos de luz, bancos, papeleiras, fontes, bordes perimetrais etc.) manteranse perfectamente conservados.
- Iniciar a montaxe da actividade antes do planeamento e a autorización polos técnicos municipais e a modificación do emprazamento da actividade unha vez verificado.
- Facer publicidade de marcas que non sexan patrocinadores do Arde Lucus.
- O uso de megafonía.

O incumprimento dos puntos anteriores obrigará ao adxudicatario a compensar os danos e perdas ocasionados, de acordo coa valoración que efectúe o Concello, e poderá ser penalizado coa perda de todos os dereitos de adxudicación, obrigando a levantar inmediatamente a instalación.

DECIMA: INFRACCIÓN

Sen prexuízo da extinción da autorización polos motivos sinalados na cláusula décimo primeira, o incumprimento das obrigas sinaladas na cláusula oitava ou a comision dalgunha das prohibicións sinaladas anteriormente dará lugar á imposición de sanción consistente na perda do dereito a participar en procedementos de licitación posteriores ademáis da indemnización dos danos e perxuízos causados.

DECIMA PRIMEIRA: EXTINCIÓN DAS LICENZAS.

Declararase a extinción da adxudicación:

- De mutuo acordo co Concello, cando non se cause prexuízo ó propio Concello nin a outros adxudicatarios. Neste caso o adxudicatario considerase renunciante e perderá a fianza.
- Por resolución do Concello cando:
 - * Por falta de pago das taxas ou do canon nos prazos establecidos.
 - * O adxudicatario non aboe os danos causados nin as sancións impostas.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO BASES TECNICAS E ADMINISTRATIVAS RESTAURANTES ARDE
LUCUS 2011.doc

Asunto:

*O adxudicatario se negue reiteradamente a cumprir as ordes da Administración cando comprometa a seguridade, hixiene ou sanidade dos usuarios.

* Exista incumprimento reiterado grave das obrigas de adxudicatario.

A extinción da licenza será efectuada polo órgano competente, despois do informe da administración, sen prexuízo do trámite de audiencia ó adxudicatario, por espazo dun día.

A extinción culpable da licenza dará lugar á incautación da fianza, á inhabilitación do industrial para ser adxudicatario dun restaurante no Arde Lucus durante os próximos TRES ANOS e a orde de levantamento e desmontaxe do restaurante, todo isto sen prexuízo de esixirlle ó adxudicatario, ante as instancias xudiciais competentes, as responsabilidades que procedan.”

SEGUNDO.- Publicar un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Cúmprase.